

02/09/2022

AVISO FITOSANITARIO. Retirada de arborado queimado

Nas masas forestais, os incendios, orixinan un debilitamento a curto e medio prazo no arborado supervivente, que representa un elevado risco dende o punto de vista fitosanitario, respecto do resto das masas colindantes.

Vai ser nestes casos, nos que existindo a necesidade de actuación por razóns fitosanitarias, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, atopándose no ámbito das súas competencias, levará a cabo as actuacións necesarias para a eliminación de arborado sensible, que se atope debilitado. Para o mantemento e mellora fitosanitaria das masas forestais, principalmente do xénero *Pinus*, os traballos a realizar serán o apeo, tronzado e saca de pés decaídos, secos e/ou afectados polos incendios forestais, e o posterior transporte a parque de madeira.

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal comezou as labores de marcaxe da madeira queimada para a retirada dos montes a madeira de uso comercial. Nunha segunda fase as tarefas centraranse en retirar a madeira queimada que non teña uso comercial, que será triturada para a mellora da sanidade vexetal dos nosos bosques. Tamén se eliminarán os restos de biomasa acordada ou de pequena envergadura, considéranse restos moi susceptible de ataques de *Bursaphelenchus xylophilus* e de *Fusarium Circinatum*

Bursaphelenchus xylophilus, o nematodo da madeira do piñeiro, é un organismo nocivo de corentena que provoca graves danos nas especies do xénero *Pinus sp.* e outras coníferas. O seu ataque causa o decaemento súbito das árbores afectadas, producindo unha sintomatoloxía coñecida como “seca ou marchitamento dos piñeiros”.

Fusarium circinatum é o causante da enfermidade do cancro resinoso, que afecta principalmente ás coníferas do xénero *Pinus*, sendo *Pinus radiata* unha das especies máis sensibles. Este fungo fitopatóxeno ten unha elevada capacidade de diseminación a través do material forestal de reprodución, especialmente as sementes.